

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A ILUMINACIÓN DO ENLACE DE NANTES P.Q. 17+200 DA AG-41.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

No ano 2008 púxose en servizo a autovía do Salnés AG-41. Esta autovía posúe no seu pq 17+200 un enlace de acceso ao parque empresarial de Nantes, que serve de acceso tanto ao propio parque coma a zona de vivendas de Pedroño.

Na actualidade está iluminado o vial de acceso ao parque empresarial e parte do anelo da glorieta de marxe dereita, pero non o resto do enlace nin o acceso ás vivendas.

O obxecto da actuación é o seguinte:

- 2 luminarias na Glorieta Oeste, unha entre o ramal de saída MD e o paso inferior, e a outra entre o paso inferior e o ramal de entrada MD. Ambas luminarias se dispoñen sobre columna de 9 metros de altura.
- 4 luminarias na isleta central de la Glorieta Este, sobre unha única columna de 9 metros de altura.
- 2 proxectores tipo LED colocados no muro do paso inferior que conecta ambas glorietas.
- 2 luminarias no vial municipal de acceso ás vivendas, sobre columna de 5 metros de altura.

Coa actuación proxectada trátase de fomentar aqueles investimentos que melloren as condicións de explotación das infraestruturas e o seu uso, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

O Xefe de Área de Construción e Conservación

Daniel Núñez Otero

